



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 21 DE ABRIL DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 09:30 horas do día 21 de abril de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 20-04-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais:

Dna. Susana Garcia Álvarez
Dna. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Benjamin Collazo Rodríguez (asiste ao punto 2 a))
D. Miguel Fidalgo Iglesias (asiste os puntos 1, 2 e 4.b)
D. Rubén Pérez Correa (asiste os puntos 1, 2 e 4.b)
D. Carlos López Font (asiste os puntos 1, 2 e 4.b)

Secretario: Dna Beatriz Barbará Rodríguez (asiste os puntos 1, 2 e 4.b)
D. José Manuel Vieites Alén (asiste os puntos 3 e 4.b)

1.- Aprobación de actas

a) **Acta da sesión de 06-04-2016**

Se aproba a acta da sesión desta mesa celebrada o día 6 de abril de 2016.

b) **Acta da sesión de 08-04-2016**

Se aproba a acta da sesión desta mesa celebrada o día 8 de abril de 2016.

c) **Acta da sesión de 11-04-2016**

Se aproba a acta da sesión desta mesa celebrada o día 11 de abril de 2016.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 01:34	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A346-CCD2B7-49BE86-ZD7UF1-RTJUJ4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

d) **Acta da sesión de 15-04-2016**

Se aproba a acta da sesión desta mesa celebrada o día 15 de abril de 2016.

2.- Incidencias

a) **Escrito presentado por Sielvigo, S.L. respecto do procedemento aberto para a contratación do mantemento de instalacións de alumeado público, tuneis, pasos inferiores, galerías de servizos, fontes e instalacións de enerxías renovables do concello de Vigo (expediente 15857-444)**

Entregáronse aos membros da Mesa os seguintes informes:

- Informe do Enxeñeiro Municipal, xefe dos servizos Enerxéticos e Electromecánicos, de 18-04-2016.
- Informe do enxeñeiro municipal de Camiños, Canais e Portos, de 20-04-2016.
- Informe da xefa do servizo de contratación, de 20-04-2016.

A Secretaria da Mesa informa que en data 15 de abril de 2016, SIELVIGO, S.L., licitador neste procedemento, presentou no Rexistro Xeral deste Concello, varios escritos, de idéntico contido, dirixidos a cada un dos membros da Xunta de Goberno Local. Estes escritos foron remitidos polos mesmos ó servizo de contratación.

Recibidos ós escritos no servizo de Contratación, procedese a efectuar as seguintes actuacións:

- Solicítase informe sobre ó mesmo os enxeñeiros que realizaron o informe de valoración das ofertas técnicas no procedemento de referencia, , respectivamente, sobre as cuestións técnicas plantexadas nos puntos 2 e 4 do citado escrito.
- Solicítase dos membros da Mesa de contratación do Concello de Vigo, que asistiron á algunha sesión desta na que tratáronse cuestións relativas ó citado expediente, que informen sobre se están incursos nalgunha das causas de abstención recollidas no artigo 28.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, tal e como manifesta o solicitante no punto 5 do escrito.

Recibidos os citados informes así como os escritos dos membros da Mesa de contratación, a funcionaria que subscribe procedeu a elaborar un informe, en data 20 de abril de 2016, no que se da conta do actuado e se contestan as alegacións, incorporando os informes dos citados técnicos: do xefe do servizo de Electromecánicos, de data 18 de abril de 2016, e do enxeñeiro municipal, de data 20 de abril de 2016.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 01:34	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A346-CCD2B7-49BE86-ZD7UF1-RTJUJ4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Prodúcense neste punto as seguintes intervencións:

- 1.- O **Sr. Fidalgo** manifesta que sorprendeulle que se paralizase un procedemento por causa da presentación dun escrito dun licitador. Cando, na súa opinión, ó licitador, se tiña algo que manifestar, debería de interpor, no seu caso, ós recursos pertinentes.
- 2.- A **Secretaria** respóndelle que recibido ó escrito polos membros da Xunta de Goberno Local, estes ó remitiron ó servizo de Contratación. Dado que nun dos puntos do mesmo facíase referencia á posible concorrencia dunha causa de abstención nun dos membros da Mesa, pareceu prudente non continuar coa tramitación do expediente en tanto non se aclarase este extremo.
- 3.- Continúa o **Sr. Fidalgo** expresando a súa opinión relativa a que dada a transcendencia e relevancia social que ten adquirido este expediente, se debe ser especialmente riguroso e escrupuloso na súa tramitación. Propón que debería solicitarse unha nova valoración técnica dun técnico externo á Administración municipal.
- 4.- A **Secretaria** respóndelle que a solicitude dun informe externo equivale a cuestionar a profesionalidade dos técnicos que teñen informado neste expediente, máxime cando o escrito do licitador limitase a manifestar vaguedades sobre cuestións relativas á valoración dos criterios técnicos. Porque aínda que insinúa graves acusacións sobre o proceder destes funcionarios, non as acredita. Circunstancia que fai supor que non existen, pois o licitador revisou o expediente e non xustifica ás súas afirmacións.
- 5.- O **Sr. Fidalgo** considera que non acontecería tal cosa, por canto noutros expedientes se solicitan informes externos.
- 6.- A **Sra. Garcia** manifesta que non lle consta ningún expediente de contratación no que a Mesa solicitase informe a ningún técnico externo.
- 7.- A **Sra. Alfayate** aclara que é a Mesa de contratación a encargada de valorar os criterios de adxudicación e que para realizar a mesma se require o asesoramento dos técnicos municipais, e tampouco lle consta que a mesa solicitara o asesoramento de técnicos externos.
- 8.- O **Sr. Pérez** agradece a celeridade coa que emitíronse os informes e convocouse a Mesa para tratar esta cuestión. Considera que este tema deberá tratarse no Pleno da Corporación.



9.- O **Sr. Font** manifesta que hai que acudir ás sesións da Mesa de Contratación sempre, e non so cando interesa politicamente.

Na súa opinión non se debe por en dúbida a profesionalidade dos funcionarios. Non é ético por un lado erixirse en defensor dos mesmos e por outro por en dúbida as súa profesionalidade.

Considera que este contrato é un máis dos que se tramitan por esta Administración. A súa diferenza cos demais é a súa politización. Carece de excepcionalidade. Solicitar un informe externo neste caso, sería como avaliar ós técnicos da casa.

Engade que sempre se contestan os escritos de todos os licitadores que presentan alegacións.

Conclúe a súa intervención manifestando que as alegacións deben versar sobre os expedientes, non sobre cuestións políticas.

Á vista do actuado, acordase continuar coa tramitación do presente expediente.

3.- Apertura de documentación administrativa

a) **Procedemento aberto para a contratación das obras de reparacións discontinuas da calzada na rúa Tomás Alonso (expediente 3517-440)**

Abriuse o sobre A "Documentación persoal" dos licitadores presentados. Tras a cualificación da documentación persoal, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión se acorda:

Admitir inicialmente no presente procedemento aos licitadores que se citan a continuación por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, a salvo de que nun momento posterior do procedemento, tras serlles requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse ó presente procedemento, de non reunilos se lle exclúa da mesma:

1. CONSTRUCTORA EDISERPO S.L
2. CONSTRUCCIONES RAFER SL.
3. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL
4. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U
5. MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.
6. CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L
7. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO SA
8. CETA CONTRATAS SL
9. EXCANO SLU
10. ACEVI SL ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES SL



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 01:34	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A346-CCD2B7-49BE86-ZD7UF1-RTJUJ4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

11. EXPLOTACIONES MEDIAMBIENTAIS SL
12. O.T.C. FONTEFRIA S.L.U.
13. CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.
14. CIVIS GLOBAL
15. INNTIS INGENIEROS CONSTRUCTORES SL
16. CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS SL
17. PAVIMENTOS Y VIALES DE GALICIA, S.L.
18. XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS S
19. DESMACO, S L
20. OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S L
21. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S A
22. GESTAL Y LOPEZ, S L
23. CONSTRUCCIONES VALE, S L
24. CONSTRUCCIONES FECHI, SLU
25. ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S L
26. HORDESCON, S L
27. COPCISA, S A
28. NAROM, S A

Faise constar que as ofertas económicas presentadas por CONSTRUCTORA EDISERPO S.L e CONSTRUCCIONES RAFER SL, foron abertas por un erro durante a apertura da documentación persoal, sendo inmediatamente pechadas sen que se tubera acceso o contido das mesmas.

4.- Apertura de oferta económica

- a) **Procedemento aberto para a contratación das obras de reparacións discontinuas da calzada na rúa Tomás Alonso (expediente 3517-440)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 01:34	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A346-CCD2B7-49BE86-ZD7UF1-RTJUJ4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

LICITADORES	PREZO	INCREMENTO PRAZO GARANTIA
CONSTRUCTORA EDISERPO S.L	73.920,64 €	48
CONSTRUCCIONES RAFER SL.	79.944,70 €	36
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL	78.952,50 €	36
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U	81.323,57 €	48
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	72.459,80 €	36
CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L	73.022,42 €	48
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO SA	89.999,80 €	24
CETA CONTRATAS SL	74.871,99 €	36
EXCANO SLU	80.445,08 €	48
ACEVI SL ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES SL	78.990,01 €	60
EXPLOTACIONES MEDIAMBIENTAI S L	69.557,46 €	72
O.T.C. FONTEFRIA S.L.U.	68.994,20 €	48
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.	78.066,28 €	48
CIVIS GLOBAL	80.524,29 €	60
INNTIS INGENIEROS CONSTRUCTORES SL	82.159,00 €	60
CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS SL	76.990,39 €	132
PAVIMENTOS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	70.297,47 €	48
XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS S	76.891,69 €	60
DESMACO, S L	72.104,46 €	12
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S L	70.742,33 €	14
PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S A	79.606,09 €	96
GESTAL Y LOPEZ, S L	81.550,59 €	6
CONSTRUCCIONES VALE, S L	73.131,00 €	60
CONSTRUCCIONES FECHL SLU	78.560,97 €	60
ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S L	74.887,96 €	36
HORDESCON, S L	73.565,31 €	14
COPCISA, S A	75.243,31 €	177
NAROM, S A	76.565,96 €	48

En acto público abriuse o sobre que contén a oferta económica, o resultado foi o seguinte:

Asistiron ao acto de apertura de ofertas:

Dna María Caride Rial en nome de COPCISA

A mesa, por unanimidade dos asistentes, acorda dar traslado das ofertas ó servizo xestor para informe

b) Procedemento aberto para a contratación da subministración de vestiario para o persoal do concello (expediente 3494-440)

Se procede a apertura do sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula", co seguinte resultado:

- **Lote 1:**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 01:34	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A346-CCD2B7-49BE86-ZD7UF1-RTJUJ4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

PEYCAR: 40.032,20 €

- **Lote 4:**
COSTA OESTE: 23.958,70 €
- **Lote 5:**
COSTA OESTE: 10.748 €

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 10:40 horas. De todo elo eu secretaria dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

A Secretaria

D. David Regades Fernández

Dna. Beatriz Barbará Rodríguez

O Secretario

D. José Manuel Vieites Alén

